



Conceptos 10

59.- Área suburbana

60.- Área metropolitana

61.- Cualificación do solo

62.- Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU)

63.- Unidade Veciñal de Absorción (UVA)

64.- Xentrificación

59.- ÁREA SUBURBANA: espazo periférico das zonas metropolitanas no que se produce unha gradual transición cara ás áreas rurais. Nestes espazos prodúcense mesturas de usos do solo (residenciais, industriais, comerciais, agrarios...) que conlevan a heteroxeneidade da poboación e unhas densidades demográficas máis reducidas que na urbe central. Os movementos pendulares son continuos cara á urbe central, dada a vinculación laboral e funcional dos residentes nestes espazos.

60.- ÁREA METROPOLITANA: Rexión urbana que engloba unha cidade central que dá nome a área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centraliza

61.- CUALIFIACIÓN DO SOLO: é a clasificación en categorías do solo urbano; faise en función do seu uso e establécese no Plan Xeral de Ordenación Urbana; esta pode ser: solo urbano, no que se inclúen os terreos xa urbanizados; solo urbanizable, que comprende os terreos que se queren desenvolver para o crecemento da cidade; e solo non urbanizable, que é o formado polos espazos que se dedicarán á produción agrícola ou á conservación da natureza.

62.- PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA (PXOU): Instrumento de ordenación integral do territorio. Contén a clasificación do solo, definición dos elementos fundamentais da estrutura xeral do territorio (como poden ser fixar os espazos libres, de equipamento comunitario, os sistemas xerais de comunicación, etc.), desenvolvemento, execución e a vixencia do plan. Soe ser municipal, Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

63.- UNIDADE VECIÑAL DE ABSORCIÓN (UVA): denominación oficial dunha serie de barrios de vivendas promovidos polo Instituto Nacional da Vivenda (INV) e a Obra Social do Fogar (OSH) coa finalidade de combater o chabolismo nas grandes cidades, en especial Madrid e Barcelona, a raíz da aprobación da Lei do Solo (1957) e do Plan Nacional de Vivenda (1961). Constitúen un paradigma da pobreza do planeamento urbano e da política de vivenda pública baixo o franquismo. [Foron construídas en localizacións periféricas, mal

comunicadas, sobre solo rústico adquirido a baixo prezo e incumprindo o planeamento existente. Aínda que foron concebidas como asentamentos provisionais (de non máis de 5 anos), remataron consolidándose e caracterizándose por unha relativamente baixa densidade poboacional. A tipoloxía de vivendas escollidas foi a de bloques de planta baixa e piso en ringleira, e baixísima calidade de construción.]

64.- XENTRIFICACIÓN: Proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun sector ou barrio deteriorado e con pauperismo é progresivamente desprazada por outra dun maior nivel adquisitivo á vez que se renova. O termo é un neoloxismo que procede do inglés "gentrification".